Cadro 55. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2024 .....	99
Cadro 56. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2025 .....	100
Cadro 57. Compromiso de gasto adquirido con cargo ao orzamento do ano 2026 .....	100
Cadro 58. Retencións de crédito.....	100

Cadro 59. Tramitación anticipada de gastos que alcanzaron a fase de compromiso .....	100
Cadro 60. Tramitación anticipada de gastos que alcanzaron a fase de autorización.....	101
Cadro 61. Dereitos anulados.....	103
Cadro 62. Recadación neta .....	104
Cadro 63. Devolucións de ingresos.....	107
Cadro 64. Situación xeral dos dereitos pendentes de cobramento de exercicios pechados.....	112
Cadro 65. Dereitos pendentes de cobro .....	113
Cadro 66. Dereitos cancelados de exercicios pechados.....	114
Cadro 67. Dereitos anulados de exercicios pechados.....	115
Cadro 68. Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores.....	116
Cadro 69. Desviacións de financiamento do ano 2021 .....	117
Cadro 70. Desviacións acumuladas (Desviacións de financiación agrupadas por axente finanziador) .....	120
Cadro 71. Resumo de gastos con financiación afectada (Resumo da xestión do gasto orzamentario con financiación afectada) .....	121
Cadro 72. Estado do remanente de tesouraría .....	123
Cadro 73. Equivalencias de remanentes .....	124
Cadro 74. Avais recibidos do Banco Santander .....	124
Cadro 75. Avais recibidos de ABANCA.....	125
Cadro 76. Resumo por clase de actividade .....	131
Cadro 77. Actividades non finalistas.....	132
Cadro 78. Actividades finalistas .....	133

## 1. Organización e actividade

### 1.1 Actividade

A Universidade de Vigo creouse por segregación da Universidade de Santiago de Compostela mediante a *Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia* (DOG núm. 228, do 28/11/1989). A súa estrutura inicial determinouse no *Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro, de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os medios materiais e humanos e da súa integración nas novas universidades da Coruña e Vigo* (DOG núm. 17 do 24/01/1990).

Tal e como se establece a *Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades* (LOU) (BOE núm. 307 do 24/12/2001), modificada pola *Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril* (BOE núm. 89 do 13/04/2007), a Universidade realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, ten personalidade xurídica propia e desenvolve as súas funcións en réxime de autonomía. A *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento común das Administracións públicas* (BOE núm. 236 do 02/10/2015), establece que se integra no sector público institucional e, nesa condición, regúlase pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións da devandita lei.

As súas principais fontes de ingresos son:

- os prezos públicos da matrícula do alumnado nas titulacións oficiais, que a Comunidade Autónoma fixa para cada curso académico;
- as achegas do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia;
- as subvencións para proxectos de investigación, que se acadan en procesos de concorrencia competitiva;
- os ingresos procedentes de empresas privadas e institucións sen animo de lucro;
- os ingresos procedentes dos rendementos do seu patrimonio (tesouraría, alugueres e canons).

Os rendementos das súas contas bancarias están exentos de calquera tipo de gravame e, no que se refire á situación impositiva con relación ao imposto de valor engadido (IVE), ten a consideración de suxeito pasivo. Na liquidación deste imposto a Universidade aplica a regra de rateo con dúas actividades diferenciadas: educación e investigación.

A Universidade é patroa única da Fundación Universidade de Vigo e participa nas seguintes sociedades:

- Cidade Universitaria Sociedade Anónima (CUSUA), na que é accionista maioritaria (57,14%);

- Cidade Tecnolóxica de Vigo Sociedade Anónima (CITEXVI), cunha participación no capital do 25,07%;
- Unirrisco Galicia Sociedade de Capital Riesgo, Sociedade Anónima, na que ten unha participación minoritaria (4,2%);
- Parque Tecnolóxico de Galicia Sociedade Anónima (2%);
- Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia.
- SIGMA, medio propio
- Fundación Universia, na que participa por doazóns que realiza o Banco Santander.

## 1.2. Organización estrutural e funcional

### 1.2.1. Estrutura organizativa

A Universidade está estruturada en tres campus: Ourense, Pontevedra e Vigo (este último con instalacións na cidade e en Lagoas Marcosende, onde ten a súa sede a reitoría). Realiza as súas funcións neles mediante unha organización funcionalmente desconcentrada. Os centros (facultades e escolas) distribúense de acordo co indicado no seguinte cadro:

Cadro 1. Estrutura organizativa básica da Universidade (nivel administrativo)

ÁMBITO CIENTÍFICO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR</li> <li>• FACULTADE DE BIOLOXÍA</li> <li>• FACULTADE DE QUÍMICA</li> </ul>
ÁMBITO TECNOLÓXICO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL</li> <li>• ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN</li> <li>• ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE MINAS</li> </ul>
VIGO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCTION</li> <li>• FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS</li> </ul>
ÁMBITO XURÍDICO SOCIAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO</li> <li>• ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS</li> </ul>
PONTEVEDRA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FACULTADE DE BELAS ARTES</li> <li>• ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL</li> <li>• FACULTADE DE FISIOTERAPIA</li> <li>• FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN</li> </ul>

<b>OURENSE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE</b></li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>FACULTADE DE CIENCIAS</b></li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>FACULTADE DE HISTORIA</b></li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</b></li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA</b></li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>FACULTADE DE DEREITO</b></li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO</b></li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E AEROESPACIAL</b></li> </ul>

### 1.2.2. Órganos de goberno e administración

A máxima autoridade da Universidade é o reitor. O actual reitor, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, nomeado mediante “DECRETO 59/2018, de 31 de mayo (DOG núm. 109 Viernes, 8 de junio de 2018)”; preside o equipo de goberno integrado pola Secretaría Xeral e as persoas titulares das nove vicerreitorías da entidade:

- Planificación e Sostibilidade
- Investigación
- Economía
- Ordenación Académica e Profesorado
- Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria
- Comunicación e Relacións Institucionais
- Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación
- Campus de Ourense
- Campus de Pontevedra

A Lei orgánica universitaria (LOU) e demais normativa reguladora das universidades establecen as competencias do reitor (representar á institución, dirixila e xestionala, presidir e executar os acordos do Claustro e do Consello de Goberno, expedir os títulos, diplomas e certificacións da Universidade, contratar, adscribir e nomear o persoal, ordenar os pagamentos,...). Esta concentración de funcións fixo que o reitor delegase algunas tarefas noutros órganos unipersonais da institución mediante a *Resolución reitoral do 21 de xuño de 2018 (DOG núm. 123, do xoves, 28 de xuño) que anula a Resolución reitoral do 8 de xuño de 2018 (DOG núm. 111, do martes, 12 de xuño)*.

A xerencia da Universidade corresponde a Dna. Raquel María Souto García (*Resolución reitoral do 5 de xullo de 2018 – DOG núm. 129 do venres, 6 de xullo de 2018*). O equipo de xerencia está constituído, ademais de pola xerente, polo vicexerente de persoal D. José González Groba; o

director de Administración, D. Rodrigo Cerviño Rodríguez; e a vicexerenta de Contratación e Servizos Xerais, Dna. Patricia Valcárcel Fernández.

A xerencia encárgase de coordinar e xestionar os servizos económicos e administrativos de Universidade, o que implica, entre outras funcións a dirección do Persoal de Administración e Servizos, a elaboración do cadre do devandito persoal, a xestión dos gastos, dos ingresos, da facenda e o patrimonio da Universidade ou elaborar a proposta de anteproxectos dos seus orzamentos e os plans económicos. Tamén lle corresponde calquera outra función que lle sexa asignada polos órganos de goberno da Universidade, a normativa vixente ou os estatutos da Universidade.

Da Xerencia dependen os servizos administrativos e as administracións dos diferentes campus, ámbitos, centros da universidade (véxase o cadro 1).

Os/as administradores/as de Campus (Vigo, Ourense e Pontevedra) e Ámbitos (Ciencias Experimentais, Xurídico-Social e Humanidades, Tecnolóxico), son os máximos responsables da xestión administrativa do seu ámbito de competencia e teñen, ademais, competencias en materia de contratación por delegación do reitor.

A estrutura organizativa de cada centro xestiona os créditos necesarios para o seu funcionamento, os dos departamentos e proxectos dos grupos de investigación que teñen a súa sede nel, así como tamén os dos mestrados e cursos de especialización que se imparten nas súas instalacións. Os/As decanos/as das facultades e directores/as das escolas representan e dirixen o correspondente centro.

### 1.2.3. Variación de efectivos no exercicio 2021

A distribución e número de efectivos do persoal da Universidade durante o exercicio do ano 2021 amósase no seguinte cadro.

Cadro 2. Persoal da Universidade (número de efectivos)

		XANEIRO	DECEMBRO
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR	• FUNCIONARIOS DOCENTES	773	779
	• CONTRATADOS DOCENTES	685	718
	• PERSOAL INVESTIGADOR	266	651
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	• FUNCIONARIOS PAS	427	423
	• PERSOAL LABORAL	388	386
	• PERSOAL EVENTUAL	4	4
	• OUTRO PERSOAL	6	11
	• ALTOS CARGOS	3	3

## 2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración

Non aplica

## 3. Bases de presentación das contas

Segundo o establecido no Plan Xeral de Contabilidade Pública (PXCP), as contas anuais deben redactarse con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial e da execución do orzamento. As contas do exercicio 2021 preparáronse a partir dos rexistros contables da Universidade e de acordo ao anteriormente mencionado, amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial e da liquidación do orzamento da entidade.

No apartado referido ao *marco conceptual da contabilidade pública*, o PXCP, establece que a información incluída nas contas anuais debe cumplir cos requisitos ou características seguintes: claridade, relevancia, fiabilidade e ser comparable.

A contabilidade da Universidade desenvólvese aplicando os seguintes principios contables:

### 3.1. Principios contables de carácter económico patrimonial

#### Xestión continuada

O servizo da educación superior préstase de forma indefinida.

#### Devindicación

As obrigas e os dereitos recoñécense cando se producen os feitos que os soportan e non cando se pagan ou se cobran.

#### Uniformidade

Os criterios contables mantéñense no tempo e aplicanse de forma coherente, sen alteracíons inxustificadas.

#### Prudencia

Os gastos e os ingresos contabilízanse sen sobrevaloración e recoñécense contablemente as obrigas que non foron imputadas ao orzamento por mor das datas de peche do exercicio.

### **Non compensación das partidas de activo e de pasivo**

Non poderán compensarse as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico patrimonial ou o estado de cambios no patrimonio neto, e valoraranse separadamente os elementos integrantes das contas anuais, salvo aqueles casos en que de forma excepcional así se regule.

### **Importancia relativa**

Os criterios e principios contables poden aplicarse segundo a súa importancia relativa, sen que en ningún caso se altere a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados económicos da entidade.

## **3.2. Principios contables de carácter orzamentario**

### **Principio de imputación orzamentaria**

Os gastos e os ingresos orzamentarios aplícanse de acordo coa súa natureza económica. As obrigas impútanse ao orzamento do exercicio no que se realizan e os dereitos, ao orzamento do exercicio no que se recoñecen ou liquidan.

### **Principio de desafectación**

Con carácter xeral, os ingresos que se reciben financian a totalidade dos gastos (sen que haxa relación directa entre uns e outros). Os ingresos para os proxectos de investigación e cooperación así como os que se reciben para financiar actuacións concretas sobre infraestruturas constitúen a excepción a este principio xa que financian específicamente os gastos afectados a eles.

## **3.3. Razóns e incidencias nas contas das correccións de errores e dos cambios de criterio de contabilización**

Non aplica.

## 4. Normas de recoñecemento e valorización

Os elementos patrimoniais valóranse de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública (PXCP).

### Inmobilizado material

Está constituído polos activos tanxibles, mobles ou inmobles, que a Universidade utiliza para prestar servizos ou para os seus propios propósitos administrativos e que se agarda que teñan unha vida útil superior a un ano. Considéranse que son gastos do exercicio aqueles mobles que non superan os 400 €.

As construcións valóranse polo seu custo de construcción (que inclúe a realización material da obra, o custo da dirección facultativa e as correspondentes taxas municipais). Considéranse como incrementos das construcións as actuacións destinadas a ampliar a súa vida útil ou a incrementar a súa capacidade produtiva; as destinadas a reparacións e mantemento do inmobilizado material, que se realizan para restaurar ou manter o potencial de servizo, considéranse gastos do exercicio. O resto do inmobilizado material está valorado a prezo de adquisición.

A amortización das construcións calcúlase ao 2%, considerando que a súa vida útil é de 50 anos. As amortizacións dos demais bens do inmobilizado calcúlanse en función da súa vida útil, que se estima de acordo coas porcentaxes de amortización (véxase o cadro 7).

### Investimentos inmobiliarios

A Universidade recibiu no exercicio 2014 como parte dunha herданza unha vivenda en Madrid e dous garaxes en Pontevedra (actualmente arrendados). A vivenda está actualmente en estado de venda. Valóranse de acordo coa escritura notarial de adjudicación da herданza. No balance do exercicio 2021 figura, como investimentos en terreos, o terreo cedido a CITEXVI que se valora en función do valor catastral e da documentación máis recente disponible.

### Inmobilizado intanxible

É o conxunto de activos intanxibles e os dereitos susceptibles de valoración económica de carácter non monetario e sen apariencia física, que permanecen no tempo e poden producir recursos para a entidade. A propiedade industrial está valorada polo custo de producción; as aplicacións informáticas, polo custo de adquisición ou producción.

No balance da Universidade figuran inversións sobre activos en réxime de arrendamento ou cedidos que se corresponden coas cesións dos dereitos de superficie realizadas polo consorcio do Casco Vello e o consorcio da Zona Franca a favor da Universidade de Vigo para a construcción e a

rehabilitación de edificios. A cesión dos terreos está valorada, segundo o valor razonable en función da información máis recente da que se dispón, no caso do casco vello en 127.057,72 euros e no caso da zona franca en 3.140.660,38 euros. Estes bens amortízanse linealmente no prazo da cesión.

Os gastos de investigación e desenvolvemento, en aplicación do principio contable de prudencia, considéranse gastos do exercicio.

## Activos en estado de venda

Desde xullo do ano 2018, a vivenda que a Universidade recibiu en herданza está á venda. A información sobre o valor e a súa amortización ofrécese no cadro 8.

## Activos financeiros

Son os cartos en efectivo, as participacóns no capital doutras entidades e os dereitos de recibir efectivo ou outro activo financeiro dun terceiro.

A efectos da súa valoración, os activos financeiros clasifícanse nas seguintes categorías:

- a) Créditos e partidas que se deben cobrar.
- b) Investimentos mantidos ata o vencemento.
- c) Activos financeiros a valor razonable con cambios nos resultados.
- d) Investimentos no patrimonio de entidades do grupo, multigrupo e asociadas;
- e) Activos financeiros dispoñibles para a venda.

A Universidade non ten activos dos que se enumeran nos puntos b), c) e e). Os restantes valóranse da seguinte forma:

- os indicados no apartado a), créditos e partidas a cobrar, segundo o seu valor nominal;
- os indicados no apartado d), investimentos no patrimonio de entidades do grupo, multigrupo e asociadas, segundo o prezo de adquisición. As correspondentes correccións de valor realizanse en función da conta de resultados da entidade participada.

## Pasivos financeiros

Un pasivo financeiro é unha obriga esixible e incondicional de entregar efectivo ou outro activo financeiro a un terceiro. Os importes que figuran como pasivos financeiros nas contas da Universidade correspón dese cos anticipos reintegrables que concede a Administración do Estado para financiar infraestruturas de investigación.

## Coberturas contables

Non procede na Universidade.

## Existencias

Non procede na Universidade.

## Activos construídos ou adquiridos para outras entidades

Non procede na Universidade.

## Moeda estranxeira

Non procede na Universidade.

## Ingresos con contraprestación

Son os ingresos que proceden das matrículas das titulacións que se imparten na Universidade (oficiais e propias) e dos contratos do artigo 83 da LOU.

Os primeiros valóranse de acordo cos prezos públicos que establece a Xunta de Galicia para as titulacións oficiais e os prezos que fixa o Consello Social para as titulacións propias; en ambos os dous casos, recoñécense como ingresos no momento de formalizar a matrícula. Os ingresos obtidos polos contratos do artigo 83 da LOU valóranse en función do importe que se acorda por prestar o servizo e recoñécense como ingreso ao emitir a factura.

Ningún destes importes inclúe o imposto sobre o valor engadido (IVE): no caso dos ingresos por matrículas, por ser unha actividade exenta e, nos contratos do art. 83 da LOU, por tratarse dun ingreso por conta da Facenda Pública (neste caso a Universidade ten a consideración de entidade colaboradora na recadación do imposto).

## Ingresos sen contraprestación

Son as transferencias e subvencións que recibe a Universidade. Aplicánselles as normas específicas de valoración que establece o PXCP.

## Provisíons

A Universidade na formulación das contas anuais diferencia entre:

- **Provisíons:** saldos acredores que cobren obrigas actuais derivadas de sucesos pasados, cuxa cancelación é probable que orixe unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ao seu importe e/ou momento da cancelación.
- **Pasivos continxentes:** obrigas posibles xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa materialización futura estará condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Universidade.

- **Provisións para xubilación do PAS.**, rexistra as obrigas de pago por premios de xubilación ao PAS., segundo o establecido no convenio do PAS laboral, a valoración faise calculando o importe que lle correspondería cando cumpra 65 en función do salario a 31/12/2011 polas mensualidades que lle corresponderían a cada un. O importe reservado é o importe máximo, xa que é un tema pechado.

As presentes contas anuais recollen todas as provisións con respecto ás cales se estima que a probabilidade de que se teña que atender a obriga é maior que o contrario. Os pasivos continxentes non se recoñecen nas contas anuais, senón que se informa sobre os mesmos nas notas da memoria, na medida en que non sexan considerados remotos.

As provisións valóranse polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a un terceiro a obriga, rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización da provisión como un gasto financeiro conforme se van devindicando. Cando se trata de provisións con vencemento inferior ou igual a un ano e o efecto financeiro non é significativo, non se leva a cabo ningún tipo de desconto. As provisións revisanse á data de peche de cada balance e son axustadas co obxectivo de reflectir a mellor estimación actual do pasivo correspondente en cada momento.

Calcúlanse polo valor nominal, en función das normas establecidas para o seu cálculo.

## Transferencias e subvencións

### Concedidas pola Universidade

Contabilizanse como gasto cando se cumplen os requisitos establecidos; no caso das bolsas, de acordo coas condicións da súa concesión e, no caso das contribucións a fundacións, polo seu importe nominal.

### Recibidas pola Universidade

Hai que distinguir entre as transferencias e subvencións que se refiren a:

- Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020 que está prorrogado á espera dun novo.
- Convenios ou proxectos de investigación.

As primeiras recoñécense mensualmente polo seu importe nominal, mentres que as segundas se recoñecen (cando se realiza a certificación do gasto) polo importe certificado.

## 5. Inmobilizado material

O PXCP establece que as inmobilizacións materiais son os elementos patrimoniais taxables, móbiles ou inmóbiles, que se utilicen de xeito continuado para a produción de bens ou servizos públicos ou para as súas actividades de administración e que non estean destinadas á venda.

No apartado 5.1 infórmase sobre as construcións, no 5.2 trátanse o resto de activos materiais e no apartado 5.3 infórmase sobre determinadas situacións que teñen incidencia no balance da Universidade e que a futuro, suporán a existencia no balance de edificios en situacións especiais. Cómpre sinalar que durante o exercicio 2021 a Universidade, non tivo bens que pertenzan ao inmobilizado en situación de arrendamento financeiro e tampouco se deron neste tipo de activos situacións de restrición da titularidade, litixios, garantías nin outras similares.

### 5.1. Construcións

Distinguese entre os bens que son propiedade da Universidade, os que lles cederon ou adscribiron outras institucións públicas e as construcións en curso. Dedícaselle un epígrafe específico a cada un deles.

#### 5.1.1. Bens propiedade da Universidade

Conforman a conta 211000 “Construcións”, e se lles aplica unha porcentaxe de amortización do 2% ao considerarse que teñen unha vida útil de 50 anos.

O seu movemento no exercicio 2021 detállase no cadro 3. Os bens agrúpanse en cinco categorías, atendendo a súa funcionalidade: centros docentes, centros de investigación, bibliotecas, edificios administrativos e outros. A súa localización nos distintos campus da Universidade móstrase mediante a cor corporativa que se associa a cada un deles:

- **azul**: campus de Vigo
- **verde**: campus de Ourense
- **vermello**: campus de Pontevedra (A Xunqueira)

A relación inclúe tres edificios que non están na mesma localización xeográfica que o resto das edificacións que componen os campus; con todo, adscríbense ao que por situación xeográfica lles corresponde:

- **Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)**, situado no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas de Ourense.
- **Facultade de Belas Artes**, que está no antigo cuartel de San Fernando en Pontevedra.
- **Estación de Ciencias Mariñas (ECIMAT)**, situada na Illa de Toralla, en Vigo.

Cadastro 3. Construcións. Bens dos que é titular a Universidade

BENS DOS QUE É TITULAR A UNIVERSIDADE							
DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS	VALOR EN 01/01/2021	INCREMENTO 2021	VALOR EN 31/12/21	DOTACIÓN AMORTIZACIÓN 2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 01/01/2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 31/12/2021
CAMPUS LAGOAS MARCOSENDE - VIGO							
FAC. CIENCIAS XURÍDICASE DO TRABALLO		4.351.817,08	0,00	4.351.817,08	87.036,34	1.553.845,63	1.640.881,97
FAC. CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS		11.862.084,28	0,00	11.862.084,28	237.241,69	5.371.432,87	5.608.674,56
FAC. FILOLOXÍA E TRADUCIÓN		10.033.307,64	0,00	10.033.307,64	200.666,15	5.082.241,18	5.282.907,33
FAC. CC. MAR, BIOLOXÍA E QUÍMICA		13.077.599,42	0,00	13.077.599,42	261.551,99	5.647.235,93	5.908.787,92
E.T.S. ENXEÑARÍA INDUSTRIAL		7.328.599,84	0,00	7.328.599,84	146.572,00	3.922.301,70	4.068.873,70
E.T.S. ENXEÑARÍA TELECOMUNICACIÓN		9.142.024,09	0,00	9.142.024,09	182.840,48	4.370.238,05	4.553.078,53
EDIFICIO FILOMENA DATO	Antigo anexo a Xerencia	2.186.611,43	0,00	2.186.611,43	43.732,23	1.029.780,99	1.073.513,22
BIBLIOTECA CENTRAL		3.817.931,63	0,00	3.817.931,63	76.358,63	1.752.207,21	1.828.565,84
EDIFICIO DE FUNDICIÓN		1.249.055,03	0,00	1.249.055,03	24.981,10	624.527,50	649.508,60
EDIFICIO DE DEPORTES		1.514.803,59	0,00	1.514.803,59	30.296,07	534.708,61	565.004,68

<b>EDIFICIO PARA ALMACÉN</b>		200.939,02	0,00	200.939,02	4.018,78	88.413,18	92.431,96
<b>EDIFICIO EXERIA</b>	Antigo edificio Xerencia	2.876.310,72	0,00	2.876.310,72	57.526,21	975.902,85	1.033.429,06
<b>E.T.S. ENXEÑARÍA DE MINAS</b>		12.623.644,00	0,00	12.623.644,00	252.472,88	3.787.360,88	4.039.833,76
<b>EDIFICIO MIRALLES</b>	Miralles, teatro e andar superior	2.505.361,12	0,00	2.505.361,12	50.107,22	660.964,99	711.072,21
<b>EDIFICIO ERNESTINA OTERO</b>	Antigo edificio Reitoría	5.456.448,73	0,00	5.456.448,73	109.128,97	1.517.827,52	1.626.956,49
<b>CITIX VIGO</b>	Novo CACTI E MTI	15.551.488,02	0,00	15.551.488,02	311.029,76	2.443.233,80	2.754.263,56
<b>CINBIO</b>		5.580.486,26	74.149,99	5.654.636,25	113.092,73	703.511,47	816.604,20
<b>OUTROS EDIFICIOS E LOCAIS EN VIGO CIDADE</b>							
<b>E.U. ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL</b>	Rúa Conde de Torrecedeira	3.896.231,34	0,00	3.896.231,34	77.924,63	2.181.889,60	2.259.814,23
<b>EDIFICIO REDEIRAS</b>		2.048.719,99	0,00	2.048.719,99	40.974,40	0,00	40.974,40
<b>EDIFICIO PARA USOS COMÚNS (AMPLIACIÓN DE PERITOS)</b>	Rúa Conde de Torrecedeira	2.344.867,39	0,00	2.344.867,39	46.897,35	885.709,63	932.606,98
<b>GARAXE PARQUE MÓBIL</b>	Rúa Areal	420.708,47	0,00	420.708,47	8.414,17	126.212,55	134.626,72

CAMPUS AS LAGOAS - OURENSE							
CAMPUS NORTE							
PAVILLÓN DE CIENCIAS	Escola de Enxeñaría Aeroespacial e Aeronáutica	934.046,17	0,00	934.046,17	18.680,92	387.104,63	405.785,55
PAVILLÓNS I E II	Edificio destinado actualmente a despachos dos profesores con docencia nas titulacións do Campus Norte	2.591.768,31	0,00	2.591.768,31	51.835,37	1.124.105,78	1.175.941,15
UNIDADE ADMINISTRATIVA		254.829,13	0,00	254.829,13	5.096,58	192.800,87	197.897,45
EDIFICIO POLITÉCNICO	Sede da E.S. Enxeñaría Informática e da titulación de Tecnoloxía dos Alimentos	4.869.769,61	0,00	4.869.769,61	97.395,39	2.225.381,18	2.322.776,57
EDIFICIO DE FACULTADES	Sede das Facultades de Humanidades e Ciencias da Educación	7.349.225,76	262.455,15	7.611.680,91	152.233,62	3.531.546,90	3.683.780,52
CAMPUS SUR							
BIBLIOTECA CENTRAL	Campus Ourense	4.020.146,11	0,00	4.020.146,11	80.402,92	1.204.172,87	1.284.575,79
EDIFICIO XURÍDICO-ECONÓMICO	Sede das Facultades de Ciencias Empresariais e Dereito	7.129.893,65	0,00	7.129.893,65	142.597,87	2.393.247,31	2.535.845,19
EDIFICIO DEPORTES		4.322.501,32	0,00	4.322.501,32	86.450,03	1.253.700,96	1.340.150,98
CAMPUS DA AUGA OURENSE	Campus da Auga	3.397.461,80	0,00	3.397.461,80	67.949,24	267.080,06	335.029,29
ESCOLA INFANTIL	Campus Ourense	496.826,29	0,00	496.826,29	9.936,53	89.428,73	99.365,26

CAMPUS A XUNQUEIRA - PONTEVEDRA						
<b>FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS</b>	6.196.168,78	0,00	6.196.168,78	123.923,38	2.448.228,71	2.572.152,09
<b>ESCOLA UNIVERSITARIA DE FISIOTERAPIA</b>	1.777.613,50	0,00	1.777.613,50	35.552,27	711.045,40	746.597,67
<b>E.U. ENXEÑARÍA FORESTAL</b>	4.667.081,67	0,00	4.667.081,67	93.341,63	1.960.174,28	2.053.515,91
<b>FAC. CIENCIAS DA EDUCACIÓN (NOVO EDIFICIO)</b>	7.691.805,98	0,00	7.691.805,98	153.836,12	2.044.086,38	2.197.922,50
<b>ESCOLA INFANTIL</b>	832.986,81	0,00	832.986,81	16.659,74	181.641,74	198.301,48

SEDES DAS FACULTADES E ESCOLAS QUE ESTÁN SITUADAS FÓRA DOS DISTINTOS CAMPUS						
<b>FACULTADE DE BELAS ARTES</b>	Situada no antigo cuartel de San Fernando en Pontevedra	10.476.205,37	0,00	10.476.205,37	209.524,11	5.102.191,84
<b>ESTACIÓN DE CIENCIAS MARIÑAS</b>	Illa de Toralla	3.640.667,38	0,00	3.640.667,38	72.813,35	924.117,81
<b>CENTRO TECNOLÓXICO (CITI)</b>	Edificio para o apoio á investigación e transferencia de tecnoloxía no Campus de Ourense	4.255.722,35	0,00	4.255.722,35	85.114,45	936.087,47

### 5.1.2. Bens inmobilres adscritos ou cedidos á Universidade

O PGCP establece que o valor destes bens debe considerarse patrimonio neto. As correspondentes amortizacións anuais calcúlanse en función da súa vida útil (sempre que a cesión ou adscrición do ben teña carácter indefinido; se fose por un período concreto, calcularíase de acordo coa súa duración). Xa que logo, aplícase a mesma porcentaxe de amortización que para as construcións (2%).

Nesta situación atópanse a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, no Campus Vigo, sede do centro da cidade, e a Casa das Campás, plantas 5<sup>a</sup> e 7<sup>a</sup> do edificio da Xunta na rúa Benito Corbal, nº 7, en Pontevedra. Ambos os dous bens son propiedade dos respectivos concellos, que os adscribiron á Universidade.

Cadro 4. Bens propiedade dos concellos adscritos ao funcionamento da Universidade

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS	VALOR EN 01/01/2021	INCREMENTO 2021	VALOR EN 31/12/2021	DOTACIÓN AMORTIZACIÓN 2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 01/01/2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 31/12/2021
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS		651.116,81	0,00	651.116,81	13.022,34	351.277,96	364.300,30
CASA DAS CAMPÁS	Edificio histórico do mesmo nome en Pontevedra	2.143.409,03	0,00	2.143.409,03	42.868,18	428.681,80	471.549,98
EDIFICO BENITO CORBAL Nº 7 - PLANTA 5 <sup>a</sup> A 7 <sup>a</sup>		0,00	1.028.412,16	1.028.412,16	20.568,24	0,00	0,00

### 5.1.3. Construcións en curso

Conforman o saldo da conta 231000 do Balance. Os traballos para a rehabilitación do edificio da ETEA para a sede do Campus do Mar e a licenza de obra para a Litoteca-Zooteca inclúense neste apartado.

Cadro 5. Construcións en curso

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS	CONSTRUCIÓNSEN CURSO					
		VALOR EN 01/01/2021	INCREMENTO 2021	VALOR EN 31/12/2021	DOTACIÓN AMORTIZACIÓN 2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 01/01/2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 31/12/2021
LITOTECA-ZOOTECA		12.020,16	0,00	12.020,16	0,00	0,00	0,00
FARADAY-ETEA		189.149,10	25.229,12	214.378,22	0,00	0,00	0,00

## 5.2. Resto do inmobilizado material

No cadro 6 indícase a situación dos restantes bens que componen o inmobilizado material da Universidade. Móstranse separados os datos relativos aos incrementos e ás diminucións, así como os das dotacións para a amortización do exercicio.

Cadro 6. Situación do inmobilizado material (agás construcións)

CONTA	NOME	SALDO INICIAL SEGUNDO INVENTARIO	INCREMENTOS 2021	DIMINUCIÓN S 2021	SALDO FINAL	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 2020	DOTACIÓN AMORTIZACIÓN	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 2021
214000	Maquinaria e ferramentas	63.115.315,35	3.607.074,07	0	66.722.389,42	50.611.521,15	2.596.586,31	53.208.107,49
215000	Instalacións técnicas e outras instalacións	26.547.462,32	2.396.176,56	0	28.943.638,88	17.568.667,51	375.673,91	17.944.341,42
216000	Mobiliario	21.470.397,72	340.614,92	0	21.811.012,64	18.962.867,44	435.574,99	19.398.442,43
217000	Equipos para procesos de información	28.447.941,18	3.661.196,45	0	32.109.137,63	24.069.950,50	1.399.168,72	25.469.119,22
218000	Elementos de transporte	937.805,74	108975,59	0	1.046.781,33	766.056,12	33.481,00	799.537,12
219000	Outro inmobilizado material	803.288,25	187.643,73	0	990.931,98	49839,75	74.253,25	124.093,00
<b>TOTAL</b>		<b>141.322.210,56</b>	<b>10.301.681,32</b>	<b>0,00</b>	<b>151.623.891,88</b>	<b>112.028.902,47</b>	<b>4.914.738,22</b>	<b>116.943.640,68</b>

As porcentaxes de amortización que se aplican aos correspondentes bens indícanse no seguinte cadro:

Cadro 7. Porcentaxes de amortización dos bens de inmobilizacións materiais

214	MAQUINARIA E FERRAMENTAS	10%
215	INSTALACIÓNS TÉCNICAS	10%
216	MOBILIARIO	10%
217	EQUIPOS INFORMÁTICOS	20%
218	ELEMENTOS DE TRANSPORTE	10%
219	OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	10%

### 5.3. Situacións especiais en relación co inmobilizado

Faise referencia neste apartado á reversión a favor da Universidade do edificio da CITE XVI valorado en 4.231.345,00 €, que unha vez finalizado o período de 66 anos de cesión do terreo realizada pola Universidade a favor da CITE XVI, deberá reflectirse no balance cun valor de cero euros, que é o valor estimado do ben no momento da reversión.

## 6. Investimentos inmobiliarios

O PXCP contempla dous tipos de investimentos inmobiliarios: terreos e construcións. No balance do exercicio 2021 figura como investimentos en terreos o importe do valor do terreo cedido a CITE XVI que devolverá, ao cabo de 66 anos, co edificio construído nel. Este importe (245.157,93) está rexistrado tamén como minoración do saldo da conta de terreos (210000). Como inversións en construcións encádranse os bens que a Universidade recibiu como parte dunha herданza no ano 2014:

- unha vivenda en Madrid (localizada en General Perón, nº 6, 8º D);
- dous garaxes e dúas bodegas en Pontevedra (situados no soto 2 da rúa San Pedro de Alcántara, nº 32)

Estas propiedades figuran no activo do Balance, dentro do epígrafe do inmobilizado, co valor que se establece na escritura de adxudicación da herданza. Na actualidade todas elas están arrendadas, coa excepción da vivenda de Madrid (localizada en General Perón, nº 6, 8º D) que dende o 1 de xullo do ano 2018 está á venda.

Cómpre destacar que a existencia deste tipo de activos na Universidade é excepcional.

Cadro 8. Investimentos inmobiliarios

CÓDIGO CONTA	NOME	SALDO INICIAL SEGÚNDIDO INVENTARIO	INCREMENTOS 2021	DIMINUCIÓNS 2021	SALDO FINAL	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 2021	DOTACIÓN AMORTIZACIÓN 2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 31/12/2021
220000	INVERSIÓN EN TERREOS	245.157,93	0	0	245.157,93	0	0	0
221000	PISO	310.000,00	0	0	310.000,00	0	6.200	6.200
221000	GARAXE (PRAZA 203)	10.000,00	0	0	10.000,00	0	200	200
221000	ADEGA 203	5.000,00	0	0	5.000,00	0	100	100
221000	GARAXE (PRAZA 216)	10.000,00	0	0	10.000,00	0	200	200
221000	ADEGA 216	5.000,00	0	0	5.000,00	0	100	100
<b>TOTAL</b>		<b>585.157,93</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>585.157,93</b>	<b>0</b>	<b>6.800</b>	<b>6.800</b>

## 7. Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible da Universidade está formado pola propiedade industrial, as aplicacións informáticas e outro inmobilizado inmaterial. No cadro seguinte indícase a situación destes bens a 31/12/2021.

Cadro 9. Inmobilizado intanxible

CONTA	NOME	SALDO INICIAL SEGUNDO INVENTARIO	INCREMENTOS 2021	DIMINUCIÓNS 2021	SALDO FINAL	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 2020	DOTACIÓN AMORTIZACIÓN	AMORTIZACIÓN ACUMULADA 2021	AMORTIZACIÓN ACUMULADA BAIXAS
203000	Propiedade industrial e intelectual	100.008,61	0	0	100.008,61	93.601,41	0	93.601,41	0
206000	Aplicacións informáticas	1.863.460,80	523.473,57	0	2.386.934,37	1.855.069,64	36.139,98	1.891.209,62	0
207000	Inversións sobre activo. Arrendamento	3.267.718,10	0	0	3.267.718,10	329.948,24	81.692,95	411.641,19	0
209000	Outro inmobilizado intanxible	495.452,16	0	0	495.452,16	232.224,95	67.087,82	299.312,77	0
<b>TOTAL</b>		<b>5.726.639,67</b>	<b>523.473,57</b>	<b>0</b>	<b>6.250.113,24</b>	<b>2.510.844,24</b>	<b>184.920,75</b>	<b>2.695.764,99</b>	<b>0</b>

A dotación para a amortización é do 10% sobre o valor de cada ben en función da súa vida útil; excepto no caso das inversións en activos (207000) que se calcula como cociente entre o valor calculado e a duración da concesión, neste caso 40 anos.

## 8 Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar

Non procede.

## 9. Activos financeiros

Conforme ao establecido no Plan Xeral de Contabilidade, ofrécese información sobre os activos financeiros que figuran no balance da Universidade e sobre as correspondentes contas correctoras de valor.

Os activos financeiros a largo prazo correspóndense coa participación no capital das sociedades CUSA (57%), CITEXVI (25,07%) e UNIRISCO (4%). Polo que se refire a este tipo de activos, hai que facer mención ás correccións de valor das inversións en CUSA e en UNIRISCO, debido á acumulación de resultados negativos, que levan a que o valor da acción sexa menor que o seu valor teórico (cadro 11).

Convén sinalar que na contía dos créditos e partidas a cobrar a curto prazo (cadro 10) inclúese o importe correspondente aos préstamos ao persoal pendentes de reintegrar, que se conceden de conformidade coa normativa interna de acción social. Posto que os reintegros se realizan mediante descontos de haberes, na nómina de cada mes non hai contas correctoras de valor.

Cadastro 10. Situación dos activos financeiros

CATEGORÍAS	ACTIVOS FINANCIEROS A LONGO PRAZO						ACTIVOS FINANCIEROS A CURTO PRAZO							
	Investimentos en Patrimonio		Valores Rptvos. Débeda		Outros investimentos		Investimentos en Patrimonio		Valores Rptvos. Débeda		Outros investimentos		Total	
	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020
CRÉDITOS E PARTIDAS A COBRAR									56.604,66	46.109,49	56.604,66	46.109,49		
INVESTIMENTOS MANTIDOS ATA O VENCIMENTO														
ACTIVOS FINANCIEROS A VALOR RAZOABLE CONCAMBIOS NOSRESULTADOS														
INVESTIMENTOS EN ENTIDADES DO GRUPO, MULTIGRUPO OU ASOCIADOS			7.910.865,72		7.890.831,72				7.910.865,72	7.890.831,72				
ACTIVOS FINANCIEROS DISPONÍBLES PARA A VENDA														

Cadro 11. Correccións por deterioración de valor

CLASES DE ACTIVOS FINANCIEROS	SALDO INICIAL	DIMINUCIÓN DE VALOR POR DETERIORAMIENTO CREDITICIO DO EXERCICIO	REVERSIÓN DO DETERIORAMIENTO CREDITICIO NO EXERCICIO	INCREMENTO	SALDO FINAL
<b>ACTIVOS FINANCIEROS A LONGO PRAZO</b>	<b>1.894.507,70</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>83.751,49</b>	<b>1.978.259,19</b>
• INVESTIMENTOS EN PATRIMONIO	1.894.507,70	0	0	83.751,49	1.978.259,19
• VALORES REPRESENTATIVOS DA DÉBEDA					
• OUTROS INVESTIMENTOS					
<b>ACTIVOS FINANCIEROS A CURTO PRAZO</b>					
• INVESTIMENTOS EN PATRIMONIO					
• VALORES REPRESENTATIVOS DA DÉBEDA					
• OUTROS INVESTIMENTOS					

## 10. Pasivos financeiros

Neste epígrafe de pasivos financeiros ofrécese información sobre a situación dos anticipos reintegrables que a Administración Central do Estado concedeu á Universidade para financiar infraestruturas de investigación que foron executadas con fondos FEDER. O anticipo financia a parte no FEDER.

Tamén se ofrece información sobre a situación da débeda cos Concellos de Vigo e Pontevedra polo pago do IBI, ata que os tribunais ditaron sentencia favorable á Universidade de Vigo, no caso do Concello de Vigo e ata que no Concello de Pontevedra concederon “motu proprio” a exención.

Nos seguintes cadros pódese ver a evolución das débedas durante o exercicio e a súa situación global:

Cadro 12. Situación e movementos das débedas ao custo amortizado

ANTICIPOS REINTEGRABLES DA ADMINISTRACIÓN CENTRAL			
IDENTIFICACION	SITUACION PRESTAMOS (31/12/2020)	AMORTIZACION 2021	SALDO FINAL (31/12/2021)
PARQUES CIENTÍFICOS	515.053,88	398.548,40	116.505,48
CAMPUS DO MAR	2.416.792,05	469.921,37	1.946.870,68
CAMPUS EXCELENCIA	542.031,66	180.679,17	361.352,49
INNOCAMPUS	267.651,76	52.291,73	215.360,03
SUMA	3.741.529,35	1.101.440,67	2.640.088,68

DEUDAS POR IBI COS CONCELLOS DE VIGO E PONTEVEDRA			
IDENTIFICACION	SITUACION PRESTAMOS (31/12/2020)	AMORTIZACION 2021	SALDO FINAL (31/12/2021)
CONCELLO DE VIGO	2.000.502,62	235.725,61	1.764.777,01
CONCELLO DE PONTEVEDRA	228.652,20	76.109,40	152.542,80
SUMA	2.229.154,82	311.835,01	1.917.319,81

Cadro 13. Resumo por categorías da situación e movimiento das débedas

CLASE CATEGORIAS	A LONGO PRAZO						A CURTO PRAZO					
	OBRIGAS E BONOS		DÉBEDAS CON ENTIDADES DE CRÉDITO		OUTRAS DÉBEDAS		OBRIGAS E BONOS		DÉBEDAS CON ENTIDADES DE CRÉDITO		OUTRAS DÉBEDAS	
	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020
DÉBEDAS CUSTO AMORTIZADO					3.295.162,58	4.675.652,00					1.263.207,67	1.295.032,17
DÉBEDAS A VALOR RAZONABLE												
TOTAL					3.295.162,58	4.675.652,00					1.263.207,67	1.295.032,17

## 11. Coberturas contables

Non procede

## 12. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias

Non aplica

## 13. Moeda estranxeira

Non aplica

## 14. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos

Ademais das transferencias que se reflicten no orzamento do exercicio corrente e das que se da conta nos apartados seguintes, hai que facer mención ao movemento das contas 130000 e 131000, que reflicten os importes imputados a resultados de subvencións que se recibiron en exercicios anteriores para o inmobilizado, e que se imputan a resultados en función da cota de amortización correspondente de cada ben. A imputación minora o saldo das contas.

Cadro 14. Incrementos patrimoniais pendentes de imputar a resultados

INCREMENTOS PATRIMONIAIS PENDENTES DE IMPUTAR A RESULTADOS			
SALDO INICIAL	INCREMENTOS	DIMINUCIÓN	SALDO AO PECHÉ
28.311.175,98	854.184,96	708.908,48	28.456.452,16

### 14.1. Transferencias e subvencións recibidas

No orzamento de ingresos da Universidade figuran tres grandes apartados:

- Subvencións Públicas
- Ingresos por Prezos Públicos
- Aportacións de empresas e entidades privadas

As subvencións públicas proceden, na súa meirande parte, da Xunta de Galicia e da Administración do Estado, fundamentalmente dos Ministerios con competencias en materia educativa. No exercicio 2021 estas subvencións supoñen o 78% do orzamento da Universidade.

Dentro do ámbito público hai que ter en consideración, ademais das axudas ás que se fai referencia no punto anterior, ás subvencións das Administracións Locais e ás da Unión Europea, neste caso, para o financiamento de proxectos de cooperación internacional e para proxectos de investigación.

Salvo no caso das subvencións procedentes da Xunta de Galicia, que na súa meirande parte son consecuencia do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (PFSUG), as demais concédense en base a convocatorias de concorrencia competitiva aprobadas polas diferentes administracións, ou mediante os correspondentes convenios de colaboración.

O importe destas subvencións que se reflicte na execución dos capítulos 4 e 7 do orzamento de ingresos, ten o seu reflexo na conta de resultado económico patrimonial no *epígrafe 2: Transferencias e subvencións recibidas*, xunto co resto dos ingresos dos capítulos 4 e 7.

No exercicio 2021 recibíronse os primeiros importes correspondentes ao Mecanismo de Transformación Recuperación e Resiliencia, que forma parte dos fondos NEXT GENERATION

da U.E., para fazer fronte ás consecuencias da pandemia por COVID-19. Estes fondos proceden da Administración Central.

#### 14.1.1. Fondos recibidos da Administración da Comunidade Autónoma

A aportación da Comunidade Autónoma ao financiamento da Universidade enmárcase no desenvolvemento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016 – 2020, que foi prorrogado ao exercicio 2021 xa que non se puido concluir a aprobación do novo plan de financiamento que debería dar cobertura aos próximos 5 anos.

O Plan de Financiamento establece que os fondos se agrupen nos seguintes conceptos:

- Financiamento estrutural.
- Financiamento por resultados.

No seguinte cadro, detállanse os importes recibidos da Xunta de Galicia.

Cadro 15. Subvencións e transferencias recibidas da Comunidade Autónoma

CONCEPTOS	DESTINO DA SUBVENCIÓN	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO
450 Financiamento estrutural	Gastos correntes	113.693.209,97	113.663.209,97	30.000,00
450 financiación persoal investigador	Gastos persoal	4.516.453,14	2.073.472,38	2.442.980,76
750 Financiamento estrutural	R.A.M.	1.644.693,17	1.644.693,17	0,00
750 Financiación proxectos investigación	Gastos proxectos investigación	5.173.969,89	-185.077,88	5.359.047,77
450/750 Outras subvencións	Gastos correntes de investigación	12.036.561,71	375.117,54	11.661.444,17
TOTAL		137.064.887,88	117.571.415,18	19.493.472,7

### 14.1.2. Fondos recibidos da Administración do Estado

Inclúense neste apartado os fondos recibidos tanto dos diferentes ministerios con competencias en Universidades, coma dos organismos autónomos dependentes deses ministerios. Como se indicou ao principio deste apartado, no exercicio 2021 recibíronse os primeiros importes correspondentes aos Mecanismos de Transformación Recuperación e Resiliencia. Os fondos da Administración Central financian gastos asociados a:

- Mobilidade do Alumnado
- Persoal investigador
- Proxectos de investigación
- Compensación de matrículas (Bolsas).

No cadro que se amosa a continuación, recóllense os datos dos importes recibidos conforme aos apartados enumerados no parágrafo anterior, excepto os referidos a bolsas, xa que os importes das bolsas son compensación dos prezos públicos e contabilízanse no capítulo 3.

Cadro 16. Subvencións recibidas da Administración do Estado

CONCEPTOS	DESTINO DA SUBVENCIÓN	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDIENTES DE COBRAMIENTO
400 De Ministerios	Financiación Gastos Persoal Investigador	4.033.813,56	4.033.813,56	0,00
410 De Organismos Autónomos Administrativos	Financiación Mobilidade de Estudiantes no Estranxeiro (Erasmus, Etc.)	1.207.269,23	1.207.269,23	0,00
700 De Ministerios	Financiación Gastos Proxectos Investigación con fondos propios	4.849.608,83	4.849.608,83	0,00
700 De Ministerios	Financiación Gastos Proxectos Investigación con fondos mecanismo RTR	2.232.759,13	2.232.759,13	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>12.323.450,75</b>	<b>12.323.450,75</b>	<b>0,00</b>

### 14.1.3. Fondos recibidos da Unión Europea (UE)

Neste apartado referímonos exclusivamente aos fondos recibidos directamente da Administración da Unión Europea.

Non se inclúen fondos que se reciben de institucións de países da UE para o desenvolvemento de proxectos de investigación ou programas de cooperación, das que a Universidade é socia, pero non

responsible principal; nin tampouco os fondos que se reciben da administración do Estado ou da Comunidade Autónoma que están parcialmente financiados cos fondos europeos. Estes fondos están incluídos nos apartados correspondentes á Comunidade Autónoma e á Administración Central.

Os fondos aos que se refire este apartado poden ser para financiar programas de cooperación ou proxectos de investigación.

Cadro 17. Subvencións recibidas dos Fondos da Unión Europea

CONCEPTOS	DESTINO DA SUBVENCIÓN	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO
790 Do Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER)	Gastos Proxectos Investigación	1.566.982,39	1.566.982,39	0,00
795 Outras Transferencias da Unión Europea	Gastos Proxectos Cooperación	2.771.289,12	2.771.289,12	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>4.338.271,51</b>	<b>4.338.271,51</b>	<b>0,00</b>

#### 14.1.4. Fondos recibidos da Administración Local

En menor medida que das administracións Autonómica e Central, a Universidade tamén recibe subvencións das Administracións Locais, sobre todo daquelas nas que están situados os Campus de Ourense e Pontevedra, para contribuí aos seus gastos de mantemento.

No seguinte cadro indícanse os fondos públicos que recibe a Universidade destas administracións:

Cadro 18. Subvencións recibidas da Administración Local

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO
460 de Concellos	25.000	25.000	0
461 de Deputacións	480.144,42	280.144,42	200.000,00
761 de Deputacións	56.144,55	56.144,55	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>561.288,97</b>	<b>361.288,97</b>	<b>200.000</b>

### 14.1.5. Resto de transferencias e subvencións

O resto dos importes das subvencións proceden basicamente de familias, fundacións, entidades sen ánimo de lucro e empresas, tanto nacionais como internacionais. No cadro que segue, aparece a información agrupada por tipos de entidades:

Cadro 19. Resto de transferencias e subvencións

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO
OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS	907.626,71	883.562,51	24.064,20
EMPRESAS PRIVADAS	934.947,38	933.370,03	1.577,35
FAMILIAS	22.000,00	22.000	0,00
DE INSTITUCIÓNSEN ÁNIMO DE LUCRO	306.491,98	306.491,98	0,00
UNIVERSIDADES	208.805,52	208.805,52	0,00
APORTACIÓNSEN DERIVADAS DE CONVENIOS INTERNACIONAIS	1.866.112,92	1.866.112,92	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>4.245.984,51</b>	<b>4.220.342,96</b>	<b>25.641,55</b>

### 14.1.6. Outros ingresos

O orzamento de ingresos da Universidade está composto por subvencións e transferencias (capítulo 4 y 7 do orzamento), das que se informa nos apartados anteriores, por prezos públicos de servizos académicos, por ingresos procedentes de actividades dos diferentes centros de investigación e outros ingresos de natureza similar (capítulo 3 do orzamento), por rendementos do seu patrimonio (capítulo 5 do orzamento) e por ingresos de contratos asinados ao amparo do artigo 83 da LOU (concepto 771 del capítulo 7 do orzamento).

Os ingresos aos que se refire o parágrafo anterior teñen o seu reflexo en diferentes epígrafes da Conta do Resultado Económico Patrimonial.

No epígrafe 3 “Ventas netas e prestacións de servicios” inclúense:

